

UNIDADE 10: O IMPERIALISMO

1. Introducción. Que é Imperialismo?

Denomínase **Imperialismo** ao proceso histórico polo cal as grandes potencias industriais expandiron o seu dominio político, económico e militar sobre amplos territorios de África, Asia e Oceanía durante o século XIX e comezos do XX. Este fenómeno constitúe unha das claves fundamentais para comprender a Historia do Mundo Contemporáneo, xa que está directamente relacionado coa Revolución Industrial, o desenvolvemento do capitalismo industrial, o nacionalismo e as profundas transformacións das relacións internacionais.

A diferenza do colonialismo da Idade Moderna, o Imperialismo contemporáneo caracterizouse por unha ocupación sistemática e planificada dos territorios, por unha explotación económica intensiva e por unha forte xustificación ideolóxica baseada na suposta superioridade europea. O seu período de máximo desenvolvemento sitúase entre **1870 e 1914**, etapa coñecida como a **“Era do Imperialismo”**, na que practicamente todo o planeta quedou sometido, directa ou indirectamente, ao control dun reducido número de potencias.

O Imperialismo non debe entenderse unicamente como un fenómeno de expansión territorial, senón como un sistema global de dominación que xerou profundas desigualdades económicas, sociais e políticas a escala mundial. As súas dinámicas contribuíron a intensificar as rivalidades entre as potencias, favoreceron o estalido de conflitos internacionais e deixaron unha herdanza duradeira que continúa influíndo no mundo actual.



2. Causas do Imperialismo

O Imperialismo foi o resultado da **combinación de múltiples factores** que actuaron de maneira simultánea. Para facilitar a súa comprensión, adoitan clasificarse en causas económicas, demográficas, políticas, ideolóxicas e científicas, aínda que na práctica todas elas estiveron estreitamente relacionadas.

2.1. Causas económicas

As causas económicas foron decisivas no impulso imperialista. O proceso de industrialización xerou unha enorme capacidade produtiva nas potencias europeas, o que provocou a necesidade de asegurar o abastecemento de **materias primas baratas** como algodón, caucho, carbón, ferro ou petróleo. Moitas destas materias primas non existían en Europa ou atopábanse en cantidades insuficientes, polo que as colonias convertéronse en espazos fundamentais para a industria das metrópoles do Vello Continente.

Ao mesmo tempo, a produción masiva de bens industriais esixía a apertura de **novos mercados** onde vender os excedentes. As colonias funcionaron como mercados cautivos, obrigados a consumir os produtos da metrópole.

Ademais, o Imperialismo permitiu dar saída aos **excedentes de capital**, que se investiron na construción de infraestruturas, explotacións agrícolas e mineiras ou empresas comerciais nos territorios dominados.

2.2. Causas demográficas

Durante o século XIX, Europa experimentou un forte **crecemento demográfico** debido á mellora das condicións de vida e aos avances médicos. Este aumento da poboación provocou **problemas de paro, pobreza e conflito social** nas cidades industriais.

As colonias foron vistas como unha solución parcial a estes problemas, ao ofrecer territorios onde establecer excedentes de poboación europea, especialmente en dominios e colonias de poboamento (Canadá, Sudáfrica...).

2.3. Causas políticas e estratéxicas

O Imperialismo estivo moi ligado á política internacional e á rivalidade entre as potencias. Dispoñer dun imperio colonial era considerado un símbolo de **prestixio e poder**, e permitía reforzar a posición dun Estado no contexto internacional.

A expansión colonial tamén respondía á necesidade de controlar **puntos estratéxicos**, como estreitos, portos ou canles, fundamentais para o comercio e a navegación militar (estreito de Malaca, canles de Suez ou Panamá...).

A competencia colonial contribuíu a **aumentar as tensións** entre as potencias europeas, xerando varios conflitos diplomáticos e crises internacionais que debilitaron o equilibrio europeo establecido polos sistemas bismarckianos. Isto acabou desencadear a Primeira Guerra Mundial no ano 1914.

2.4. Causas ideolóxicas e culturais

O Imperialismo estivo xustificado por unha serie de ideoloxías que presentaban a dominación colonial como algo lexítimo e necesario:

O **nacionalismo**, que acadou unha gran expansión durante todo o século XIX, fomentou a idea de que as nacións máis fortes tiñan dereito a expandirse.

O **racismo científico** e o **darwinismo social** defendían a superioridade da raza branca e consideraban a dominación dos pobos colonizados como un feito natural.

A estas ideas sumouse a chamada **misión civilizadora**, segundo a cal Europa tiña o deber de levar a civilización, a educación, a relixión cristiá e o progreso técnico aos pobos considerados atrasados.

2.5. Causas científicas e técnicas

O **avance científico e tecnolóxico** foi un elemento clave que fixo posible a expansión imperial. Os progresos nos transportes e nas comunicacións facilitaron o control dos territorios afastados, mentres que os avances médicos permitiron reducir a mortalidade europea en zonas tropicais. A superioridade militar das potencias industriais garantiu a rápida conquista e submisión das poboacións locais.

3. Formas de dominación imperialista

O dominio imperial non adoptou unha única forma, senón que se materializou a través de diferentes modelos de control político, administrativo e económico, adaptados ás características de cada territorio e aos intereses das potencias coloniais. Estas formas de dominación permitiron ás metrópoles exercer o seu poder sobre amplas zonas do planeta con distintos graos de intensidade.

- ✓ As **colonias** foron a **forma máis directa de dominación**. Nestes territorios, a potencia europea exercía un **control absoluto**, sen recoñecer ningún tipo de soberanía á poboación local. A administración, o exército e a economía estaban totalmente en mans da metrópole, e os habitantes indíxenas carecían de dereitos políticos. Este modelo foi frecuente en África e nalgúns territorios asiáticos.
- ✓ Os **protectorados** representaban unha forma de **dominio indirecto**. A potencia imperial mantía formalmente un goberno local, pero controlaba os aspectos fundamentais do poder, como a política exterior, o exército e a economía. Na práctica, o Estado protector actuaba como unha potencia colonial encuberta. Este modelo permitía reducir custos administrativos e minimizar a resistencia da poboación local.
- ✓ Os **dominios** foron característicos do Imperio británico. Tratábase de **colonias de poboamento europeo** que gozaban dunha **ampla autonomía** política interna, aínda que recoñecían a soberanía da Coroa británica. Nestes territorios, como Canadá ou Australia, a poboación indíxena foi desprazada ou marxinalizada.
- ✓ En determinados territorios, especialmente en Asia, desenvolveuse o chamado **imperialismo informal**. Neste caso, as potencias non exercían unha ocupación directa, pero impoñían un **control económico e comercial** mediante tratados desiguais, concesións e áreas de influencia. A soberanía destes estados quedaba moi limitada, como ocorreu en China.

4. A colonización de África

4.1. África antes da expansión imperialista

Antes da chegada masiva dos europeos, África presentaba unha **gran diversidade de pobos, culturas e formas de organización política**. Existían reinos, imperios e estados estruturados, con economías baseadas na agricultura, o comercio e a artesanía. A idea dunha África atrasada e sen organización responde máis a unha visión eurocéntrica creada para xustificar a colonización que á realidade da época.

4.2. A repartición de África

A partir de 1880 produciuse unha aceleración do proceso de ocupación colonial de África, coñecida como a **carreira por África**. Ata ese momento, a presenza europea limitárase principalmente ás costas e a determinados puntos comerciais, pero o interese económico,

estratéxico e político das potencias provocou unha penetración rápida cara ao interior do continente.

Co obxectivo de evitar conflitos armados entre as potencias europeas, celebrouse o **Congreso ou Conferencia de Berlín (1884-1885)**, convocado polo chanceler alemán Otto von Bismarck. Nesta conferencia, na que participaron as principais potencias europeas, establecéronse as regras que debían rexer a expansión colonial en África.

O acordo máis importante acadado en Berlín foi o **principio de ocupación efectiva**, segundo o cal unha potencia só podía reclamar un territorio se demostraba un control real sobre el. Isto impulsou unha carreira acelerada pola conquista militar e a administración directa dos territorios africanos. Ademais, recoñeceu-se a **liberdade de comercio nos ríos Congo e Níxer** e lexitimouse a **apropiación de territorios** sen consultar nin ter en conta ás poboacións autóctonas.

As fronteiras africanas foron trazadas de maneira artificial, atendendo exclusivamente aos intereses europeos e sen respectar as realidades étnicas, culturais ou lingüísticas existentes. Esta repartición arbitraria tivo consecuencias moi graves a longo prazo, xa que dividiu pobos, obrigou á convivencia forzada de grupos enfrontados e sentou as bases de numerosos conflitos posteriores. O Congreso de Berlín converteuse así nun momento clave do Imperialismo, ao institucionalizar o dominio europeo sobre África e acelerar a súa completa colonización.



4.3. As potencias coloniais en África

As principais potencias repartíronse o continente: o **Reino Unido** buscou crear un imperio continuo de norte a sur (de Exipto a Sudáfrica, extendéndose por toda a franxa oriental africana); **Francia** controlou amplos territorios no oeste e centro (intentando unir o oeste co leste do continente); **Bélxica** exerceu un dominio especialmente brutal no Congo (outorgado en primeiro lugar ao rei Leopoldo II a título persoal); **Portugal** mantevo Angola e Mozambique (así como outros pequenos territorios); **Alemaña e Italia** incorporáronse máis tarde ao reparto e apenas conseguiron algunhas zonas moi concretas. No caso de **España**, apenas logrou o recoñecemento do dominio do norte de Marrocos, o Río de Ouro (Sahara Occidental) e a Guinea Española (Guinea Ecuatorial). Só Etiopía e Liberia conservaron a súa independencia, a primeira delas tras derrotar aos italianos, e a segunda ao ser fundada polos Estados Unidos como destino para escravos liberados que desexaran marchar a África.

4.4. Administración e explotación colonial

A administración colonial en África baseouse na **imposición da autoridade política europea** e na subordinación total das poboacións locais. As potencias coloniais estableceron sistemas administrativos alleos ás tradicións africanas, apoiándose en elites locais colaboradoras ou en funcionarios enviados desde a metrópole. En moitos casos, desmanteláronse as estruturas políticas tradicionais, o que provocou unha forte desorganización social.

A **explotación económica** foi o obxectivo central da colonización africana. Desenvolvéronse infraestruturas como ferrocarrís, portos e estradas, pero non coa intención de favorecer o desenvolvemento interno, senón de facilitar a extracción e exportación de materias primas cara a Europa. A poboación africana foi sometida a traballos forzados, impostos obrigatorios e á expropiación das terras máis fértiles, o que xerou pobreza, fame e unha forte dependencia económica. Estas dinámicas deixaron unha fonda pegada que explica moitos dos problemas estruturais do continente na actualidade.

5. A colonización de Asia

5.1. Asia antes da expansión imperialista

Antes da expansión imperialista europea, Asia estaba formada por algunhas das civilizacións máis antigas e complexas do mundo. Existían **grandes imperios e Estados organizados**, como o

Imperio chinés, o Imperio otomano ou o Imperio mogol na India, con estruturas administrativas consolidadas, economías diversificadas e unha longa tradición cultural. Por este motivo, a penetración europea en Asia foi, en xeral, máis lenta e complexa ca en África, e en moitos casos adoptou formas indirectas de dominación.

5.2. Características xerais da colonización de Asia

A colonización de Asia foi, en xeral, **máis gradual e complexa ca a africana**, debido á existencia de Estados consolidados e civilizacións moi antigas. As potencias europeas **combinaron a ocupación directa con formas de dominación indirecta**, como a presión diplomática, os tratados desiguais e o control económico, especialmente en territorios cunha organización política previa moi forte, como sucedía en lugares como China.

Nalgúns territorios, para diminuír as friccións entre as potencias, creáronse Estados-tapón que mantiveron a súa independencia, como Persia (o actual Irán, entre territorios otomanos, rusos e británicos), Afganistán (resultado do “Gran Xogo”, a loita por Asia Central protagonizada polos Imperios ruso e británico) ou Siam (a actual Tailandia, entre os territorios franceses e ingleses).



5.3. O dominio británico en Asia: a India

O caso máis significativo de colonización en Asia foi o da **India**, considerada a xoia da coroa do Imperio británico. Inicialmente, o control foi exercido pola Compañía Briánica das Indias Orientais, que impuxo a súa autoridade mediante acordos comerciais e a forza militar. Tras a rebelión dos sipais (ou cipayos) en 1857, o goberno británico asumiu o control directo do territorio.

A administración colonial reorganizou a economía india para servir aos intereses da metrópole, favorecendo a exportación de materias primas e a importación de produtos industriais británicos. Introducíronse infraestruturas como ferrocarrís e portos, pero estas estiveron orientadas principalmente á explotación económica. A sociedade india sufriu profundas transformacións, con empobrecemento do campesiñado e aparición dunha elite local colaboradora.

5.4. O sueste asiático

No sueste asiático, varias potencias europeas estableceron colonias directas. **Francia** controlou Indochina, os **Países Baixos** dominaron Indonesia e o **Reino Unido** ampliou a súa presenza en Birmania e Malaisia.

Nestes territorios implantouse unha administración colonial orientada á **explotación de recursos naturais** e á integración das economías locais no mercado mundial, provocando importantes transformacións sociais e económicas.

5.5. China e o imperialismo informal

China non foi colonizada directamente por unha soa potencia, pero quedou sometida a un **imperialismo informal**. As guerras do Opio obrigaron ao Imperio chinés a aceptar tratados desiguais, polos que debían abrir algúns dos seus portos ao comercio europeo, ceder algúns territorios (como Hong Kong) e recoñecer dereitos especiais ás potencias estranxeiras en materia comercial. O país foi dividido en áreas de influencia, limitando a soberanía e debilitando ao Estado.

5.6. Xapón: un modelo alternativo

Xapón representa un caso excepcional no contexto asiático. Ante a presión occidental, iniciou a **Revolución Meiji**, un proceso de modernización política, económica e militar que lle permitiu evitar a colonización. Grazas a esta transformación, Xapón converteuse nunha potencia imperialista, expandindo o seu dominio sobre Corea e outros territorios asiáticos a finais do século XIX e comezos do XX.

6. Consecuencias do Imperialismo

O Imperialismo tivo consecuencias profundas e duradeiras, tanto para as potencias colonizadoras como para os territorios sometidos ao dominio europeo. Moitos dos seus efectos prolongáronse ao longo do século XX e seguen presentes incluso na actualidade.

Para as **metrópoles**, o Imperialismo supuxo importantes beneficios económicos, como o acceso privilexiado a materias primas baratas, a apertura de mercados para os produtos industriais e novas oportunidades de investimento de capitais. Ao mesmo tempo, reforzou o sentimento nacionalista e o prestixio internacional das potencias. Porén, tamén incrementou as rivalidades entre Estados, alimentou a carreira armamentística e contribuíu a crear un clima de tensión internacional que desembocaría na Primeira Guerra Mundial.

Para os **territorios colonizados**, as consecuencias foron maioritariamente negativas. A explotación intensiva dos recursos naturais provocou a destrución das economías tradicionais e xerou unha forte dependencia das metrópoles. A imposición de fronteiras artificiais, especialmente en África, rompeu equilibrios sociais e culturais existentes, favorecendo conflitos internos e inestabilidade política. Ademais, as poboacións locais sufriron discriminación, perda de terras, traballos forzados e ausencia de dereitos políticos.

Desde o punto de vista cultural e social, o Imperialismo implicou procesos de aculturación, coa imposición da lingua, da relixión e dos valores europeos, ao tempo que se desprestixiaban ou reprimían as culturas autóctonas. Non obstante, tamén xurdiron elites locais formadas no sistema colonial que desempeñarían un papel destacado nos futuros movementos nacionalistas.

A longo prazo, o Imperialismo contribuíu a consolidar profundas **desigualdades globais** entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos e sentou as bases dos procesos de **descolonización** do século XX. Deste modo, as consecuencias do Imperialismo permiten comprender tanto a configuración do mundo contemporáneo como moitos dos conflitos e desequilibrios actuais.